

AVALIACIÓN POR COMPENSACIÓN PARA ESTUDANTES DE GRAO (a partir do curso 2024-2025)

Título IX do Regulamento sobre a avaliación, a cualificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudiantado

REQUISITOS PARA ADMITIR A TRÁMITE AS SOLICITUDES (art. 49)	LIMITACIÓNS NA RESOLUCIÓN DA AC (art. 50)
<p>a) Que un mínimo do 50% dos créditos da titulación foran cursados na UVIGO</p> <p>b) Que resten para graduarse un máximo de 2 materias que non superen entrambas os 12 créditos, agás o TFG</p> <p>c) Que o estudante esgotara na/s materia/s na/s que solicita a AC un mínimo de 4 oportunidades de avaliación nos 3 últimos cursos e terse presentado nalgunha das oportunidades dispoñibles no curso académico en que se solicite (agás que xa non teña posibilidade de presentarse por estar matriculado/a nun plan de estudos en proceso de extinción)</p> <p>d) Que a cualificación obtida non fora inferior a 2 ou non avaliado (NP) en ningunha das 4 oportunidades</p> <p>(Necesarios 4 requisitos)</p>	<p>a) Non serán obxecto de compensación o TFG, as prácticas e o prácticum, nin materias dun curso ponte</p> <p>b) O nº máximo de créditos que se poderá conceder por AC na vida académica do alumnado será de 12</p> <p>c) Non se lle poderá conceder a AC a un estudante que non estea matriculado na/s materia/s a compensar no momento de solicitar a AC, agás que a(s) materia(s) estea(n) totalmente extinguida(s)</p> <p>d) As materias compensadas non poderán ser obxecto de recoñecemento noutras titulacións da UVIGO, nin entre graos que formen parte de programas académicos de simultaneidade de dobres titulacións con itinerario específico (PCEO). Neste caso soamente se poderá solicitar a AC en materias dunha titulación que non teñan recoñecemento na outra titulación que forma parte do plan conxunto.</p> <p>e) Non se lle poderá conceder a AC a un/unha estudante ao/á que lle conste algunha sanción grave no seu expediente académico</p> <p>(Considéranse todas as limitacións)</p>
<p>CONCEDERASE O APTO POR COMPENSACIÓN de xeito automático da ou das materias solicitadas tras a constatación do cumprimento de todos os requisitos da columna 1ª (art.49) e todas as limitacións da columna 2ª (art.50), e sempre que o estudante se encontre en polo menos 1 dos seguintes supostos:</p>	
<p>a) Que obtivese polo menos 1 vez unha cualificación igual ou superior a 4 ou unha media superior a 3,5 entre as dúas mellores cualificacións na(s) materia(s) a compensar</p>	<p>b) Que a media do seu expediente sexa igual ou superior á nota media da súa titulación na última promoción con dereito a docencia</p>
<p>No caso de que o estudante non se encontre en ningún destes supostos (a e b do cadro inmediato superior), pero reúna todos e cada un dos requisitos do art. 49, a solicitude será admitida a trámite para que a valore a COMISIÓN DE COMPENSACIÓN</p>	
<p>A solicitude de AC irá dirixida ao órgano de dirección do centro. Realizarase en cada período de avaliación desde a data de apertura de actas ata 15 días hábiles despois do peche de entrega das mesmas</p>	